

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PRIMEIRO CONSELLO PROVINCIAL DE PESCA CONTINENTAL DE PONTEVEDRA

LUGAR: sala virtual plataforma falemos. Enlace:

<https://falemos.xunta.gal/CONSELLODEPESCATEMPADA22>

DATA: 14 de outubro de 2021

HORA DE COMEZO: 12.00 h

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. José Manuel González González

Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

VICEPRESIDENTE

D. Pablo Caballero Javierre

Xefe do Servizo de Patrimonio Natural (SPN)

SECRETARIA

D^a. Luisa Juncal Caldas

Xefa da Sección de Caza e Pesca Fluvial

VOGAIS

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario xeral da Federación Galega de Pesca e Casting

D. Alberto Bosquet Herreros

Representante en materia de augas

D^a. Marta María Curt Fernández de la Mora

Representante en materia de sanidade animal

D. Miguel Ángel Montoto Vázquez

Representante de sociedades de pesca inscritas na Federación Provincial de Pesca
(Club Pesca Deportiva Río Deza)

D. José Antonio Calveiro Novo

Representante de sociedades de pesca inscritas na Federación Provincial de Pesca
(Club Castillo Ulla-Deza)

Miguel Piñeiro Moure

Representante de sociedades de pesca non federadas

D. Amador Alonso Rodríguez (tivo que ausentarse)

Representante asociación ecoloxista AEMS-Ríos con Vida

D. Vicente Luis González Soto

Profesional de recoñecido prestixio

Invitados:

D^a Laura Fernández Rivera

Auxiliar administrativa da Sección de Caza e Pesca Fluvial

Ausentes que xustificaron a non asistencia:

D. **Eugenio Fernández Piñeiro**, representante en materia de industria, vogal do Comité

D. **Felipe Ferrero González**, representante en materia de turismo

Ámbolos dous delegaron o seu voto no presidente do consello.

Un dos representantes de sociedades non federadas (José Ángel Casal Fernández) tivo problemas de conexión e tras facer varios intentos non puido asistir á sesión.

Ausentes que non xustificaron a non asistencia:

D. **Pedro Luis Suárez Vidal**, representante en materia de pesca e marisqueo

D. **Daniel Benavides Alonso**, representante en materia de deportes

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior
- 2.- Estudo da orde anual de pesca para a tempada 2022 , Propostas por distritos.
- 3.- Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Tras dar a benvida aos presentes e abrir a sesión por parte do Presidente do Comité, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día.

1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase sen obxeccións por unanimidade a acta da sesión anterior, correspondente ao comité ordinario celebrado o día 15.10.2020.

2. Estudo da Orde xeral de pesca para a tempada 2022

Continúase coa orde do día para comenazar a tratar as propostas sobre a orde de pesca continental da tempada 2022. O vicepresidente do comité indica que se votarán os puntos da orde nos que se produzan cambios, cousa que só sucede no caso do salmón.

Artigo 1 – Normas para a pesca do salmón

Para a tempada 2021, e tendo en conta as previsións de retorno de salmón, o SPN de Pontevedra propón continuar coas mesmas medidas aplicadas en 2020 e 2021, pero cunha redución da cota de 40 a 30 salmóns. As medidas quedarían como segue:

- ✓ A duración da tempada de salmón da tempada 2022 no río Ulla será do 1 de maio ao 30 de xuño.
- ✓ Manter o tamaño mínimo de 40 cm e maila cota diaria dun exemplar por pescador e día.
- ✓ Reducir a cota anual de captura a 30 salmóns para os coutos salmoneiros do río Ulla.
- ✓ Manter a veda da pesca do salmón no río Lérez. Por tanto, o couto de Monteporreiro permanecerá vedado para o salmón e o resto das especies durante a tempada 2022.

- ✓ Manter os engados artificiais autorizados para a súa pesca: mosca artificial, culleriña e peixes artificiais ou semellantes. E manter tamén as prescricións especiais para engados nas masas de augas salmoneiras e a prohibición de engados naturais nas augas salmoneiras, excepto para a pesca de salmón no seus coutos, para a cal se pode empregar miñoca e quisquilla.
- ✓ Que unha vez acadada a cota de captura nos coutos do río Ulla ou ben cando finalice a tempada o día 30 de xuño, permitir a pesca do reo ata o 31 de agosto. No mes de setembro non se permitirá ningún tipo de pesca nos coutos do Ulla, salvo no couto de Couso no que se podería practicar a pesca sen morte.
- ✓ Nos coutos salmoneiros de Ximonde e Santeles, continuar na tempada 2022 coa doazón voluntaria de salmóns para o seu mercado ou o seu traslado á piscifactoría de Carballedo coa finalidade de conseguir a reprodución artificial nos meses de decembro ou xaneiro. Para poder coordinar ben as labores de transporte do salmón ata a piscifactoría, o pescador debe comunicar ao persoal do Servizo de Patrimonio Natural (SPN) a súa vontade de doar o salmón nesa xornada. O pescador que capture e doe este salmón poderá seguir pescando esa mesma xornada un salmón mais; trala captura do segundo salmón, sexa doado ou non, non poderá seguir pescando salmón, pero si reo.

No seu caso a decisión de marcar ou de trasladar o salmón á piscifactoría será tomada por un representante do SPN de Pontevedra tras analizar o estado do animal e como se desenvolveu a captura. O salmón doado contará para a cota anual establecida de 30 exemplares.

Vótase a redución da cota de capturas de salmón a 30 exemplares co resultado de 10 votos a favor, 3 en contra e 1 abstención.

Artigo 2 – Normas para a pesca do reo

Proponse manter as mesmas medidas aplicadas para a tempada 2021, é dicir:

- ✓ Nas zonas libres dos ríos onde habite o reo, a tempada será desde o 1 de maio ata o 31 de xullo.
- ✓ Nos coutos de reo a tempada prolongase ata o 31 de agosto, no couto de Ponte Arnelas (río Umia) e nos coutos de Sinde, Pontevea, Santeles e Ximonde (río Ulla). Poderá pescarse ata o 30 de setembro na modalidade sen morte unicamente no couto de Couso.
- ✓ No couto de Monteporreiro, non se permite a pesca de reo, nin de salmón, nin doutras especies de peixes.
- ✓ Mantense a dimensión mínima de 35 cm e a cota de 2 exemplares de reo/día.
- ✓ Respecto aos engados a proposta e a de manter os autorizados.

Artigo 5– Normas para a pesca de sabella (Allosa fallax)

A pesca da sabella ou saboga desenvolverase no río Ulla ata o 12 de xuño.

Debate e adopción de acordos sobre propostas presentadas ao 1º Consello de Pesca Continental de Pontevedra

A- Propostas de AEMS Ríos con vida

Tal e como se observa na Táboa 1, AEMS propón a creación de 19 tramos libres de pesca sen morte (LSM) e a transformación de 3 coutos de pesca en coutos de pesca sen morte. Os LSM suman 91,33 Km e os coutos 14,13 Km.

Táboa 1.- Proposta de AEMS "Ríos con vida" para crear 19 Tramos LSM e 3 coutos SM				
Nome	Tipo	Límite superior	Límite inferior	Lonx. (m)
<i>Alvedosa</i>	LSM	Fervenza da Freixa	Depuradora de Redondela	1616
<i>Arnego</i>	LSM	Ponte Vilariño	Ponte Carmoega	9410
<i>Asneiro</i>	LSM	Ponte Gresande e Carballude	Desembocadura no Deza	7990
<i>Deza</i>	LSM	Ponte A Trigueira a Porto Martin	Ponte Casa de Canaval e Gondariz	8441
<i>Furnia</i>	LSM	Ponte o Bouzón e a Gandariña	Desembocadura no Miño	4099
<i>Groba</i>	LSM	Ponte entre Urgal e O Seixo	Desembocadura	3063
<i>Hospital</i>	LSM	Presa da Area Recreativa A Pedra	Desembocadura	2444
<i>Maceira</i>	LSM	Carretera Porriño-Vigo	Desembocadura	388
<i>Parada</i>	LSM	Límite actual LSM	Ponte da carretera PO-225	2190
<i>Rodeiro</i>	LSM	Límite inferior do actual SM	Desembocadura no Arnego	1611
<i>Tamuxe</i>	LSM	Ponte Santa Comba a Lourenza	Ponte de cemento (Barrova de Tinta)	4250
<i>Tea-2</i>	LSM	Límite CSM Mondariz	Límite Couto Ponteareas	1772
<i>Tea-3</i>	LSM	Depuradora de Ponteareas	Desembocadura do río Uma	1847
<i>Ulla-1</i>	LSM	Encoro de Touro	Lím. sup. do LSM de Ponte ledesma	24677
<i>Ulla-2</i>	LSM	Desembocadura do Pambre	A Pontenova desemb Furelos	6086
<i>Uma</i>	LSM	Presa de Manguina	Desembocadura Tea	241
<i>Verdugo</i>	LSM	Restirución Central Laforet	Muro da Presa do Inferno	2930
<i>Xiesta</i>	LSM	Ponte da estrada EP-0303	Xunta co río Parada	5028
<i>Zamás</i>	LSM	Muro da presa do lugar de Donin	Ponte Av. Elduayen	3250
<i>Tea-1</i>	CSM	Foxaco	Lugar de Foxaco	2625
<i>Termes</i>	CSM	Ponte A Fenteira e O Reguiño	Desembocadura no Miño	8870
<i>Umia</i>	CSM	Fervenza de Segade	Presa de chorreras	1907

Vótase esta proposta co resultado de 3 votos a favor e 10 en contra. Polo tanto non se aproba.

Contraproposta do SPN tras a análise da proposta de AEMS "Ríos con vida"

Esta proposta consultouse co persoal dos distritos ambientais e co persoal técnico do Servizo. Como resultado desta consulta o SPN presenta unha contraproposta, q se amosa na Táboa 2, e que inclúe 5 dos tramos LSM propostos por AEMS, se ben un deles (Arnego) quedaría coa metade da lonxitude proposta por esta asociación. Ademais inclúe 4 tramos novos propostos polo servizo. De xeito que os 9 tramos LSM propostos suman un total de 24,8 Km.

Táboa 2.- Proposta do SPN de Pontevedra pola que se crean 9 tramos LSM				
Nome	Tipo	Lím. Superior	Lím. Inferior	Lonxitude (m)
Arnego-1	LSM	Ponte Vilariño	Rego de Velpellos	4120
Deza-1	LSM	Ponte A Trigueira a Porto Martin	Pte Casa de Canaval e Gondariz	8441
Maceira	LSM	Carretera Porriño-Vigo	Desembocadura	388
Parada	LSM	Límite actual LSM	Ponte da carretera PO-225	2190
Rodeiro	LSM	Límite inferior do actual SM	Desembocadura no Arnego	1611
Carrizáns Verdugo	LSM	Muíño das Partidas, en Abelaído	Ponte de Carrizáns	2600
Tea Filla-boa	LSM	Ponte da Fillaboa	Muíños Novos	1250
Barragán	LSM	Ponte da estrada a freaza	Pontillón de Xunqueiras	1870
Xesta	LSM	Presa Minicentral	Ponte da estrada EP-0303	2360

Vótase esta proposta do SPN e apróbase co resultado de 12 votos a favor e 1 en contra.

B.- Proposta de AEMS sobre o uso de anzois

Propoñen o uso xeral de anzois sen morte para garantir a devolución en bo estado de saúde os individuos que legalmente deban ser devoltos ás augas.

Vótase esta proposta, pero non se aproba xa que os resultados da votación son 3 votos a favor e 10 en contra.

C.- Proposta do SPN de Pontevedra

Desde o SPN propónse crear o Couto de Cira ou ampliar o Couto do Deza, coas características incluídas na Táboa 3.

Táboa 3.- Ampliación do Couto de Deza ou creación do couto de Cira				
Tramo	Límite inferior	Límite superior	Modalidade de pesca	Lonxitude (Km)
Tramo 1 DONAS-GRES	Regato de Donas x=550363 y=4737660	Pte nova de Pte ledesma x=554057 y=4738094	Con extracción	5,8
Tramo 2 ILLAS DE GRES	Pte Nova de Pte Ledesma X=554057 y=4738094	Tosta do Muíño do Boticario x= 554588 y= 4738174	Captura e Solta	0.5
Tramo 3 GRES-BENDAÑA	Tosta do Muíño do Boticario x= 554588 y= 4738174	Refuxio de Bendaña x=554722 y=4740343	Con extracción	3.1
Tramo 4 BENDAÑA-BRANDELOS	Refuxio de Bendaña x=554722 y=4740343	Desembocadura río Brandelos x=554423 y=4740723	Captura e Solta	0,6
Tramo 5 RÍO DEZA	Unión Deza-Ulla x=553385 y=4737050	Tosta de García x=554509 y=4735920	Captura e Solta	2
Total Captura e solta				3,1 (26%)
Total Con extracción				8,9 (74%)
Total Couto				12

Apróbase esta proposta co resultados de 11 votos a favor e 2 en contra.

D.- Club Pesca Deportiva Río Deza de Silleda

Propoñen ampliar 1,4 km augas abaixo o couto de Carboeiro, dende o final actual na praia da Carixa ata a desembocadura do río Toxa no río Deza.

Apróbase esta proposta tras obter na votación 11 votos a favor, 1 en contra e 1 abstención.

E.- Por último sométese a votación a proposta dun pescador de converter o Lago de Castiñeiras (Marín-Vilaboa) nun tramo de pesca libre sen morte.

Apróbase por unanimidade co resultado a favor dos 13 asistentes ao consello con dereito a voto.

3. Rolda de intervencións

Jesús Patiño, comenta que non entende por que non se aceptou o cambio do tramo 1 do couto de Caldas de Reis no río Umia a un tramo de pesca sen morte, tal e como propuxera AEMS se ademais xa se falara no comité do ano pasado. O vicepresidente indicou que trala análise desta proposta se decidiu deixar o tramo na mesma modalidade, principalmente porque se trata do couto pontevedrés con maior aceptación de tódolos existentes.

A continuación Miguel Piñeiro fai as seguintes reflexións e suxestións:



- Que se fagan 2 comités ao ano, tal e como se indica na Lei 7/1992, un na data actual e outro antes da tempada.
- Que se traten temas de maior calado, tales como os vertidos, o furtivismo, especies invasoras e outras cuestións importantes para os ecosistemas fluviais.
- Que nos coutos do Ulla se permita a pesca do reo sen morte no mes de setembro.
- Que se modifique o plan de xestión das augas salmoneiras do río Ulla porque foi un fracaso.

José Ángel Casal Fernández, *representante de sociedades de pesca non federadas*, que contra a súa vontade non puido conectarse ao consello, enviou por correo electrónico as seguintes dez propostas que se transcriben tal e como se recibiron:

"1.- LEY DE PESCA

En la ley de acompañamiento de los presupuestos, mediante una disposición adicional eliminar en el art. 73 el punto ah) "alterar de modo apreciable el nivel de las aguas o caudal del río, cuando pudieran derivarse daños para las especies piscícolas, salvo que la actuación resultase conforme y cumpliera las exigencias de la normativa en materia de aguas". como falta grave

En esta ley de acompañamiento añadir el art. 74 bis que diga textualmente: a) será considerada falta gravísima (si procede, mejor delito medioambiental) el bajar del 30% de la cota de capacidad de un embalse.

b) alterar de modo apreciable el nivel de las aguas o caudal del río, cuando pudieran derivarse daños para las especies piscícolas, salvo que la actuación resultase conforme y cumpliera las exigencias de la normativa en materia de aguas.

Si no pudiese ser considerado delito medioambiental, que como falta gravísima la sanción fuese como mínimo de un millón de euros a un máximo de cinco.

2.- FURTIVISMO

Incrementar la vigilancia en los ríos, para que por lo menos haya unos mínimos. En el coto de Ponte Arnelas se han detectado sedales durmientes.

3.- VIGILANCIA EN LAS RÍAS

Llevamos muchos años solicitando en los Comités Gallegos de pesca que se tome en serio la vigilancia en las zonas de desembocadura de los ríos, con la creación de una unidad de vigilancia alternativa. Un coche con remolque, una zodiac y dos guardias o vigilantes que quieran hacerlo, (hay varias pudriéndose, alguna guardada o almacenada al aire libre, o muchos problemas burocráticos para utilizarlas).

4.- COTOS DE PESCA

Si están prohibidas la navegación y el baño, ¿por qué no se vigila y se obliga a cumplirlo por lo menos en los cotos de Lerez, Sinde y Couso?. Ante la ausencia o poca presencia de pescadores, se han convertido en playas fluviales. Lo de las piraguas esta a la orden del día en ponte arnelas.

5.- CORMORÁN y VISONES

Queremos conocer con urgencia las medidas que se van a tomar con los cormoranes en esta temporada, tal y como prometió la conselleira. Estamos esperando que nos envíen el estudio que presentaron en el Comité Gallego. Solicitamos que nos lo envíen ahora a los representantes que acudan a ellos. Problema muy grave con los visones. No se toman medidas correctoras. En el acotado de Fornelos, según la sociedad A Laxe, y en Ponte Arnelas supone un problema muy grave para la población piscícola.

6.- DEPURADORAS

Que la Xunta se encargue de la gestión de las depuradoras ubicadas en concellos de poco nivel presupuestario. Que se sancione a los grandes concellos si las depuradoras no funcionan debidamente. Una depuradora sin su debido mantenimiento contamina más que antes de instalarse. Una gran parte de ellas reciben mezcladas las aguas pluviales y las fecales. Lo que esta ocurriendo en el Deza es muy grave, según la sdad. de caza y pesca de Lalín.

7.- PURINES Y VERTIDOS

En esta temporada se han batido todos los récords en cuanto a vertidos y purinazos. Y nunca pasa nada de nada o al menos no hay noticias sobre los infractores.

8.- RIO MIÑO

Prohibición de la pesquería profesional del salmón con redes. Estamos en la UE.

9.- COTO DE PONTE ARNELAS

Que se habilite la pesca del reo en el mes de septiembre. en la provincia de Pontevedra con el Lerez y Ulla vedados no se pueden pescar reos. Con el nivel de estiaje que hay, la elevación de la temperatura del agua y la bajada de los niveles de oxígeno, el daño a la población piscícola es mínimo porque los reos, que los hay, ya en agosto pican con mucha dificultad.

10.- COTOS DEL ULLA

Que se permita la pesca del reo en el mes de septiembre. la presencia de salmones en Ximonde, Santeles, Pontevea o Sinde es casi inexistente en esa época y, en cambio, hay reos. Además la presión de pesca, hoy en día, es mínima”.

ACORDOS**1.- Normas para a pesca do salmón**

Para a tempada 2022 o SPN de Pontevedra propón que se continúe coas mesmas medidas aplicadas en 2021 pero cunha redución da cota de captura no río Ulla de 40 a 30 salmóns.

2.- Acordos adoptados no Consello Provincial

- Crear os 9 tramos LSM incluídos na Táboa 2, que suman un total de 24,8 km.
- Crear un tramo LSM no Lago de Castiñeiras (Marín-Vilaboa).
- Elevar ao Consello Galego de Pesca Continental a modificación do Couto do Deza ou creación do Couto de Cira coas características incluídas na Táboa 3.
- Elevar ao Consello Galego de Pesca Continental a ampliación do couto de Carboeiro dende o final actual na praia da Carixa ata a desembocadura do río Toxa no río Deza.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás catorce horas, redactándose a correspondente acta.

A Secretaria,

Visto e prace do Vicepresidente do Consello

SINATURA ELECTRÓNICA